

ACTA DO XURADO DO XIII PREMIO MANUEL LUEIRO REY DE POESÍA

ACTA DO XURADO DO XIII PREMIO MANUEL LUEIRO REY DE POESÍA


Reunidos no IES Rosalía de Castro de Compostela, ás 17:30h do 16 de xaneiro do 2025, dá comezo a sesión de deliberación do xurado da XIII edición do Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía do concello de Fornelos de Montes, constituído por Luís Cochón, en calidade de presidente e as vogais Mercedes Queixas, Charo Lopes, Oriana Méndez e Armando Requeixo, amais de por Carmen Carreiro, que actuou como secretaria con voz e sen voto.

Logo da pertinente deliberación, o xurado decidiu outorgar por unanimidade o premio a o poemario presentado baixo o Título *Manual de camuflaxe*, texto que se impuxo aos outros poemarios presentados e que, unha vez aberta a plica, resultou ser la autoría de Samuel Merino Gómez.

O xurado destacou en *Manual de camuflaxe* a forza incontible das imaxes, a intensión de citas e alusións intertextualizadas e o elaborado dunha estética que proxecta unha arañeira de sentido tecida no diálogo cos mellores filósofos e os mais rupturistas escritores do Occidente do noso tempo, dende Agamben e Derrida ata Angélica Lidell.

Escrito con gran plasticidade escénica e abraiante capacidade evocadora, este poemario atrapa pola súa elaborada arquitectura, que se proxecta nunha estrutura circular onde a enunciación metapoética comeza e remata o conxunto nunha esfericidade de impecable execución.

Asina a presente ás 19,30h o presidente e a secretaria do xurado.



Luís Cochón



Carmen Carreiro